



ASUNTO: CONMVOCATORIA MESA DE CONTRATACION EXPTE: 039/19

ASUNTO: DESIGNACIÓN E CONVOCATORIA MESA CONTRATACIÓN 39/19

ANTECEDENTES

1. Expediente de contratación da obra de MELLORA DO ACCESO E DAS PISTAS DE EXAME PARA CARNÉ DE CONDUCIR DAS LAMAS, EXP.039-OBRPASS19, aprobado en data 12.09.2019.
2. Anuncio de licitación da obra citada, de data 12.09.2019.
3. Cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a adxudicación, aprobado por resolución de data 12.09.2019.

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

1. O artigo 326 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en adiante LCSP), sinala que nos procedementos abertos, os órganos de contratación das Administracións Públicas estarán asistidos por unha Mesa de Contratación, que exercerá as funcións sinaladas no seu punto 2.
2. Sinala tamén o citado artigo que os membros da mesa, definidos no punto 3, serán nomeados polo órgano de contratación, sen que, en ningún caso poidan formar parte da mesma os cargos públicos representativos nin o persoal eventual.
3. Porén, a Disposición Adicional Segunda LCSP, referida ás competencias en materia de contratación das Entidades Locais, permite no seu punto 7, que formen parte da Mesa os membros electos da corporación, sempre que non superen un terzo do total dos membros da mesma.

Por canto antecede, e uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico **RESOLVO:**

1º.- AVOCAR a competencia con carácter singular para a adopción do presente acto.

2º.- APROBAR a designación dos membros da Mesa de contratación para o expediente MELLORA DO ACCESO E DAS PISTAS DE EXAME PARA CARNÉ DE CONDUCIR DAS LAMAS, EXP.039-OBRPASS19 , que estará composta por:

- Presidente:
 - O Sr. Alcalde, ou membro da Corporación en quen delegue.
- Vogais:
 - O Secretario Xeral do Concello, ou persoa en quen delegue ou o substitúa.
 - A Interventora Xeral Municipal, ou persoa en quen delegue ou a substitúa.
- Secretario:
 - -O Técnico do Servizo de Contratación, ou funcionario en quen delegue ou o substitúa.

3º.- CONVOCAR sesión da Mesa de contratación para o expediente MELLORA DO ACCESO E DAS PISTAS DE EXAME PARA CARNÉ DE CONDUCIR DAS LAMAS, EXP.039-OBRPASS19 para o vindeiro **luns 30 de setembro ás 09:00 horas na sala de xuntas da casa do concello.**

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
 Ordena e asina o Sr. Alcalde
 Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

